

PLAN ANUAL DE LECTURA DO CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

CURSO 2023-24

ÍNDICE

1- INTRODUCCIÓN	3
2- QUE ENTENDEMOS POR LECTURA?	3
3- ANÁLISE E AVALIACIÓN DA LECTURA NO CENTRO	5
Hábitos lectores e uso da biblioteca escolar entre o alumnado do centro	6
Uso da biblioteca escolar e os seus recursos entre o profesorado do centro	7
Estatística de préstamo	8
Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar	8
4- OBXECTIVOS	12
5- ACTIVIDADES DE FOMENTO DE HÁBITOS DE LECTURA	13
Actividades propostas polo equipo de biblioteca	13
Outras actividades	14
6- O PROXECTO LECTOR COMO INSTRUMENTO PEDAGÓXICO PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	19
7- CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	20
ANEXOS	25

1.- INTRODUCCIÓN

A razón fundamental da elaboración do presente Proxecto Lector de Centro foi a necesidade de integrar tódalas actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura, a escritura e á adquisición das competencias básicas conforme marca a lexislación actual.

Despois de recadar datos de observación directa, apuntamentos dos titores e probas avaliativas, comprobouse que o alumnado ten problemas para entender os textos, escaseza de vocabulario, erros ortográficos constantes... Esta situación debía ser abordada dende unha práctica docente consensuada e planificada.

Unha vez que identificamos o noso obxecto de estudo, o seguinte paso foi analizar e avaliar a situación da lectura no centro, seguindo tres vías: por unha banda, a través de enquisas realizadas entre o alumnado para intentar determinar os seus hábitos lectores; por outra, enquisas entre o profesorado para coñecer as prácticas de uso da biblioteca escolar e de fomento da lectura; en terceiro lugar, observando a situación actual da biblioteca escolar.

A continuación, buscamos referencias específicas á lectura na Educación Primaria nas leis actuais co fin de fundamentar o noso Proxecto nelas.

Sentadas as bases, establecemos uns obxectivos e incluimos diferentes actividades de fomento da lectura, propostas polo Equipo de apoio á biblioteca escolar e polos distintos Departamentos Didácticos, intentando determinar en que grao as actividades programadas podían axudar a acadar as competencias clave.

Finalmente, concretamos uns criterios e procedementos de avaliación para o Proxecto.

2.- QUE ENTENDEMOS POR LECTURA?

Con frecuencia considerase que ler é descodificar o que está escrito, dando por feito que, unha vez que o lector poda ler tódalas palabras dun texto, a comprensión está asegurada.

Na actualidade, tanto as achegas feitas dende a perspectiva cognitiva como as efectuadas polas denominadas ciencias da linguaxe (Psicolingüística, Sociolingüística, Lingüística do texto, Pragmática, Semiótica) permítenos ter unha visión máis complexa e rica acerca da lectura do texto escrito.

Ler enténdese hoxe como un acto de comunicación, durante o cal dialogamos ou interactuamos co texto escrito para construír o noso propio sentido do mesmo. Así, ler é un proceso intelectual complexo durante o cal situámonos como receptores activos do que o autor ou autora quixeron comunicar. Somos receptores activos porque para comprender a mensaxe do texto escrito temos que poñer en marcha tarefas mentais complexas, máis aló da simple descodificación.

Neste sentido, o proxecto OCDE/PISA define a lectura como “a capacidade non só de comprender un texto, senón de reflexionar sobre el a partir do razoamento persoal e as experiencias propias”. Alén diso, este mesmo proxecto establece que o alumnado ten que ser quen de saber ler un número amplo e variado de textos, entre os que inclúe os denominados textos continuos (textos narrativos, expositivos, descritivos, argumentativos...) e descontinuos, aqueles que presentan a información cunha organización diferente á dos anteriores (cadros/gráficos, táboas, diagramas, mapas, listaxes, formularios, anuncios). Isto ten que ser así porque na vida cotiá atopamos habitualmente esta variedade de tipos de texto e non só os textos continuos que son os que, fundamentalmente, se traballan nos centros educativos.

Por outra banda, hai que ter en conta que o texto escrito non di o mesmo para tódolos lectores, senón que cada quen reinterpreta ou reconstrúe o sentido do mesmo: en primeiro lugar, dende o seu coñecemento, vivencias e experiencia. En segundo lugar, dependendo do tipo de proceso lector que sexamos quen de poñer en marcha, o texto escrito poderá dicirnos máis ou menos; é dicir, canto máis poda aportar o lector ao texto, máis rico será este.

O mencionado proxecto OCDE/PISA para a Educación Primaria adoptou unha concepción da competencia lectora que define do seguinte xeito:

“A competencia lectora consiste no desenvolvemento dun conxunto de estratexias, destrezas e coñecementos que contribúen á comprensión e ao uso de textos escritos, así como á reflexión persoal a partir deles co fin de acadar as metas propias, desenvolver o coñecemento e o potencial persoal e participar na sociedade”.

Así pois, o desenvolvemento da competencia lectora leva asociada a capacidade de poñer en marcha e controlar as estratexias ou procedementos mentais implicados no proceso da lectura, que van dende a activación dos coñecementos previos que o lector ten en relación co que se vai ler e a atribución de sentido tendo en conta o coñecemento cultural que posúe, ata a integración do que le nos seus esquemas de coñecemento, a reestruturación dos mesmos ou a utilización do que le durante a súa vida. A lectura é un proceso interactivo entre lector e texto que esixe a implicación activa de aquel na súa totalidade mediante a interacción de diversas habilidades.

3.- ANÁLISE E AVALIACIÓN DA LECTURA NO CENTRO

O CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios é un centro de titularidade pública que conta con 6 unidades de E. Infantil, 15 de E. Primaria, Aulas de Apoio, Aula de Audición e Linguaxe, Aula de Informática, Aula de Música e Aula de polos Creativos e por suposto Biblioteca de centro.

Está situado no casco urbano de Ponteareas, dentro da Comarca do Condado, da que Ponteareas non é a capital histórica (honra que lle corresponde a Salvaterra de Miño) pero da que é o concello con maior poboación. Ponteareas está conectada con Vigo por autovía e dista desta cidade 25 km. Tamén ten conexión por autovía con Ourense o que facilita que haxa bastante profesorado desa zona. Ponteareas é unha terra de interior, pero que ten o mar moi cerca. É, xunto con Oleiros, o concello de Galicia que máis medrou en porcentaxe de poboación nos últimos 20 anos, nos que se construíu un altísimo número de vivendas.

Isto fixo que moitas familias dos arredores e de Vigo viñeran a vivir aquí. A poboación infantil tivo tamén un incremento considerable.

A industria é moi escasa e moitos dos pais e nais do noso alumnado van traballar a Vigo ou a Porriño, onde si hai unhas zonas industriais importantes.

Ao CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios acude alumnado dunha parte do casco urbano de Ponteareas, así como o das parroquias do rural de Bugarín, Pías, Prado, Ribadetea, Padróns e Fozara.

O centro conta con comedor de xestión directa no que xantan diariamente 279 alumnos e alumnas dende os tres ata os doce anos. O feito de contar con comedor fai que sexa un colexio diferente a outros que non teñen este servizo.

Hábitos lectores e uso da biblioteca escolar entre o alumnado do centro.

- A procedencia dos libros que o alumnado adoita ler é:
 - biblioteca escolar: 55,4%.
 - propio: 24,6%.
 - outros: 20%.
- A frecuencia coa que o alumnado acode á biblioteca escolar do centro:
 - case todos os días: 10,3%.
 - unha ou dúas veces á semana: 37,7%.
 - unha ou dúas veces ao mes: 13%.
 - algunha vez durante o curso: 29%.
 - nunca: 10%.
- A porcentaxe de alumnado que sabe como están ordenados os libros e outros materiais na biblioteca é dun 44,1%.
- A porcentaxe de alumnado que leva libros en préstamo é dun 38%.
- O tipo de material que o alumnado acostuma levar en préstamo é:
 - libros que lles gustan: 98,3%.
 - libros para realizar traballos de clase: 1,7%.

Uso da biblioteca escolar e os seus recursos entre o profesorado do centro.

◦ A frecuencia coa que o profesorado utiliza os recursos da biblioteca para o seu labor docente é:

- Acotío: 10%.
- Ás veces: 30%.
- Case nunca: 60%.

◦ A porcentaxe de profesorado que utiliza o equipo ou material audiovisual da biblioteca co seu alumnado é dun 5%.

◦ A porcentaxe de profesorado que utiliza os ordenadores da biblioteca co seu alumnado é dun 0%.

◦ Un 15% do profesorado promove a utilización do servizo de préstamo de libros relacionados coa súa materia entre o seu alumnado.

◦ Un 15% do profesorado utiliza o servizo de préstamo de material da biblioteca a nivel persoal.

◦ Un 10% do profesorado colaborou coas súas suxestións na adquisición de material para a biblioteca.

◦ Un 10% do profesorado colaborou na organización ou posta en marcha de actividades levadas a cabo dende ou na biblioteca.

Dificultades atopadas:

- Escasa motivación cara á lectura por parte do profesorado, alumnado e das familias que forman a nosa Comunidade Educativa.

- Importantes dificultades na expresión oral e escrita nunha parte importante do alumnado: escasa fluidez verbal, vocabulario, capacidade crítica...

- Baixo afianzamento da base das aprendizaxes da lecto-escritura: atención, orientación espazo-temporal, lateralidade... nalgúns alumnos/as do noso centro.

- Nivel mellorable na competencia lingüística en xeral.

- Importantes dificultades en comprensión lectora.

- Importantes dificultades idiomáticas por parte do alumnado pertencente a colectivos de inmigrantes. Este alumnado representa o 25% do total no noso colexio.
- Dificultades na elaboración de textos por parte dalgúns alumnos/as.

Está claro que estas dificultades non se presentan en todo o alumnado, pero si que hai un grupo de alumnos/as que as presentan. Por mor da importancia dun bo nivel en competencia lingüística por parte do alumnado, este Proxecto Lector debe ser unha ferramenta que axude moito a mellorar neste eido.

Reflectimos e subliñamos que participamos de novo no **PLAMBE**, en **Bibliotecas Creativas** e nos **Clubs de Lectura**, que pese a dar moito traballo foron un éxito de tiveron moita acollida no centro.

Tamén agardamos continuar co **Carro Lector de Xela** por cuarto curso escolar, este carriño cheo de recomendacións lectoras, libros de peto, temáticas a tratar, xogos, e concursos percorrerá os patios do centro escolar, dirixido polas/as voluntarias.

Con este Proxecto Lector o que queremos é sistematizar as actividades que se fan para a mellora da competencia lingüística e deseñar novas propostas a realizar na aula.

Estatística de préstamo

A conclusión é moi positiva: durante o presente curso a tendencia iniciada dende a participación da nosa biblioteca no PLAMBE mantense, aumentando o número de usuarios da biblioteca.

Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar

PROPOSTA DALGUNHAS ACTIVIDADES

- Lectura de contos e historias adaptadas á idade dos seus fillos
- Transmisión de contos, lendas, adiviñas de tradición oral.
- Colaborar co centro nas actividades propostas por el: contos viaxeiros, convivencia de Educación Infantil...
- Consulta coas titoras para escoller os textos máis axeitados para as súas crianzas.

-Visita dalgún familiar dos alumnos ao centro para contar: contos, adiviñas, historias de antes, oficios..

RECURSOS DO CENTRO

A Biblioteca está situada na planta baixa na entrada principal do edificio de E. Primaria e nunha zona de paso. Isto facilita a súa localización e a visualización de todo tipo de actividades que alí se realicen. Debido ao seu pequeno tamaño este curso fíxose unha ampliación que, aínda que, non é moi grande, si permite gañar espazo e que a biblioteca sexa máis funcional e operativa.

A Biblioteca Escolar do noso centro pretende ser un centro de información, documentación e recursos que dea servizo a todos os membros da nosa Comunidade Educativa; que organice de forma centralizada todos os documentos impresos, audiovisuais, dixitais e outros recursos para a aprendizaxe; que sexa xestionada polo equipo de biblioteca e dea resposta a través de infraestruturas, recursos e servizos de calidade ás necesidades educativas, informativas, culturais, de investigación e recreativas da Comunidade educativa do noso Colexio.

É compensadora de desigualdades, en canto que proporciona a nenos e nenas de familias desfavorecidas recursos dos que carecen na súa casa.

A biblioteca Consta de diversos andeis, mesas e cadeiras de traballo e lectura, un recuncho de cortiza para sentarse a ler no chan e unha pantalla para proxectar cun canón de vídeo, que está dispoñible para actividades do centro.

Está organizada en diferentes espazos: lectura e consulta, préstamo de libros e xestión, actividades de animación á lectura, o dedicado a reunións, traballo, obradoiros...

- Outros espazos.

-Dispomos de bibliotecas de aula con fondos de lectura moi variada que subimos cada comenzo de curso, motivo polo que cremos que non se fan tantos empréstitos. Tamén algunhas titoras teñen ademais biblioteca de aula cos libros do alumnado que traen da casa para partillar na aula.

- Hai unha biblioteca en Infantil, xa que os edificios están separados, que permite que o alumnado deste nivel goce tamén da lectura e das posibilidades que esta ofrece.

-Hai un aula de informática na que se van incorporando programas educativos para as diferentes áreas de aprendizaxe, as áreas transversais e de educación en valores.

-Os fondos de documentación utilízanse en función das Unidades Didácticas ou Proxectos que se estean levando a cabo. As bibliotecas de aula acollen outros soportes que favorecen o achegamento á lectura e a escritura: periódicos, revistas, e actualmente ordenadores en todas as aulas con programas educativos nos que se facilita o acceso a Internet por wifi.

- A organización dos fondos:

A maior parte do fondo antigo está a disposición do alumnado como “Libros Libres” que poden coller e levar libremente sen ser rexistrados e os que, de cando en vez, serven para regalar a algún neno ou nena por diferentes motivos.

A catalogación dos novos fondos está centralizada dende o MEIGA, que é o programa de xestión da mesma. Ademais, os libros e demais material audiovisual que chega para calquera departamento ou curso do centro, metémolos tamén na base de datos do programa, sexan de consulta ou lectura. Ó principio de cada curso formaremos aos profesores/as para o uso e coñecemento das utilidades do programa Meiga.

Os libros da Biblioteca catalóganse por ciclos e cores: amarelo para Educación Infantil, vermello para primeiro ciclo de Primaria, verde para segundo ciclo de Primaria e azul para terceiro ciclo. Así mesmo, temos libros de só consulta e dicionarios e enciclopedias diversas. Valoraremos a posibilidade de comezar a clasificación por CDU.

- Horarios:

A Biblioteca está a disposición de todo o profesorado e alumnado a calquera hora do día. Se os/as titores/as queren levar o seu curso, poden ir a ela, anotándose antes nas quendas de bibliotecas, postas no taboleiro da sala de mestres; e ademais agora temos un horario fixo para os clubs de lectura.

Tamén está aberta nos recreos para os rapaces do colexio que queiran ler ou facer algún traballo.

Todas as tardes de 16:00 a 18:00h permanece aberta a Biblioteca atendida polo menos por unha mestra/e do centro.

- Servizo de préstamos:

Esta actividade organízase con axuda dun lector de código de barras mercado para tal fin este ano. Este servizo é levado a cabo polos mestres/as de garda no recreo, ademais os “axudantes da biblioteca”, que son rapaces e rapazas do colexio, colaboran na colocación, orde, entrega e servizo de préstamos da Biblioteca.

- Fomento da lectura:

Organizaranse sesións de contacontos en Educación Infantil e Educación Primaria, con intercambios entre profesores/as e cursos. Esta actividade en cursos anteriores foi todo un acerto.

Noutras ocasións as sesións de contacontos son a cargo de profesionais, ofertados polas editoriais.

A Biblioteca convoca concursos nos que participa todo o alumnado. Entre eles podemos falar de: “Os máis leóns”, “Que libro é este”, “Coñeces o personaxe...”, “Recuncho do Sabichondo”,... actividades que polo seu éxito serán feitas de novo nos vindeiros cursos.

O alumnado deixa recomendacións lectoras que se publican no taboleiro da Biblioteca escolar para darlle máis importancia ós comentarios dos nenos/as.

Procuraremos visitas de autores para motivar a lectura, que fixan sesións de contacontos en Educación Primaria, concursos, entrevistas nos diversos ciclos, entrevistas pola “Radio Faladora”,...

En colaboración có EDLG levamos a cabo a Radio Faladora, a cal emite un programa semanal, parando incluso as clases para que todo centro o escoite.

4.- OBXECTIVOS

Os obxectivos que pretendemos acadar coa posta en marcha do noso Proxecto Lector son os seguintes:

- Formar lectores competentes.
- Fomentar o hábito da lectura, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.
- Acceder ao noso catálogo a través de internet.
- Apoiar a adquisición das competencias clave.
- Educar no uso crítico da información.
- Promover o uso da biblioteca escolar como recurso didáctico importante e como factor de compensación social, ofrecendo información ao alumnado e profesorado en diferentes soportes para satisfacer as necesidades curriculares, complementarias e culturais.
- Impulsar a participación de toda a comunidade educativa na tarefa de fomentar o hábito lector.
- Implicar ao profesorado do Centro para que realice un plan de lectura anual que partirá deste Proxecto lector do centro.
- Informar e ofrecer pautas ás familias para que participen na tarefa de fomentar o hábito lector nos seus fillos/as.

OBXECTIVOS RELACIONADOS COA COLABORACIÓN FAMILIA-CENTRO

- Informar a tódalas familias sobre o contido do Proxecto Lector.
- Proporcionarlles títulos recomendados para as distintas idades relacionados coa educación inclusiva, en valores ou outras temáticas.
- Favorecer a asistencia das familias á Biblioteca escolar.
- Implicar ás familias na actividade lectora dos seus fillos e fillas.
- Promover a implicación das familias en diversas actividades organizadas dende a Biblioteca Escolar (obradoiros de contacontos, por exemplo).

5.- ACTIVIDADES DE FOMENTO DE HÁBITOS DE LECTURA

Actividades propostas polo equipo de biblioteca.

Cómpre distinguir dúas liñas de actuación dende a biblioteca do centro: a primeira abranguería actuacións de carácter xeral, comúns a todo o curso, e a segunda, actividades concretas, a maioría centradas nas diferentes conmemoracións celebradas durante o ano académico.

Actuacións de carácter xeral

- Formación de usuarios: presentación da biblioteca escolar ao alumnado e profesorado de nova incorporación a principio de curso, explicándolles o sistema de préstamo e devolución de libros, a disposición dos fondos documentais en diferentes soportes no espazo bibliotecario e as normas de uso dos ordenadores.
- Información periódica ao alumnado das novidades adquiridas pola biblioteca mediante carteis ou trípticos expostos nos taboleiros de cada unha das aulas dos diferentes grupos e exposicións no vestíbulo do centro.
- Información ao profesorado, mediante correo electrónico, do xeito de consultar a través de Internet o catálogo da nosa biblioteca (enlace directo e tutorial).
- Información das actividades culturais organizadas en Fisterra e concellos próximos no taboleiro da biblioteca (representacións teatrais, actuacións de contacontos, títeres, concursos de poesía, narración,...).

- Participación dos diferentes Departamentos didácticos na adquisición de novos fondos documentais para a biblioteca escolar.
- Consulta ao alumnado, a través das titorías ou unha caixa de suxestións, das súas preferencias en cuestión de lectura, co fin de ter en conta á hora de adquirir material para a biblioteca.
- Ampliación do espazo adicado á banda deseñada, fomentando a lectura nun formato máis atractivo para o alumnado.
- Continuación coa iniciativa das mochilas viaxeiras, como xeito de acadar a participación e a complicidade das familias na formación lectora do alumnado.
- Facer soci@s da biblioteca ás nais/pais que o soliciten.
- Exposición de fondos destinados ás nais/pais relacionados coa adolescencia no vestíbulo do centro cando se celebre a reunión de familias-titore@s a principio de curso.
- Promover a utilización por parte das nais e pais dun espazo de lectura contiguo á biblioteca, equipado cun ordenador.
- Participación no programa Prensa na Escola.
- Participación na programa de Bibliotecas Creativas.
- Utilización nas horas de garda da tarde duns carriños con libros preparados por cursos coa colaboración de diferentes Departamentos Didácticos.
- Club de lectura, aberto a alumnado e profesorado que se reunirá periodicamente en horario extraescolar, ademais de adicarlle unha sesión semanal en horario lectivo.

Outras actividades

- Lectura de contos de terror e proxección de curtametraxes durante os recreos da semana adicada a celebrar Samaín.
- Actividades para levar a cabo, por exemplo, na materia de Proxecto Competencial servindo de fonte documental e completando os contidos desta materia.

- Ao longo de todo o mes de xaneiro, o alumnado traballará na biblioteca buscando citas e fragmentos de obras de diferentes autores, mesmo cantantes, seguindo as pautas do profesorado, en contra da violencia e a favor da paz. Con este material e fotografías

escollidas polos alumn@s, proxectarase unha presentación no vestíbulo do instituto durante toda a mañá do día 30, Día da Paz.

- Actividades centradas no Día da Muller, celebrado o 8 de marzo.
- Semana da Prensa (9-13 de marzo). Os alumn@s utilizarán xornais en diferentes soportes como fonte de información para a realización de tarefas diversas.
- Feira do libro polo Día do Libro (23 de abril),
- Encontro cun autor dalgún dos libros lidos durante o curso polo alumnado do centro, incluíndo a lingua inglesa.
- Lectura de álbums ilustrados ao alumnado de infantil.
 - Exposicións no vestíbulo do centro de libros e películas da nosa biblioteca relacionados con temas concretos.
- Exposicións de novidades.
- Celebración do Día das Letras Galegas.

Actividades propostas por outros departamentos e Equipos de Traballo

- Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega

O Proxecto Lector de Centro contéplase como unha das ferramentas para o fomento da destreza lectora do alumnado, tendo presente que a lectura é esencial, dado o seu carácter instrumental directo, para todo tipo de aprendizaxes no marco académico e curricular das diversas áreas.

Trátase de conseguir lectoras e lectores competentes, capaces de interpretar, reformular, comunicar, valorar e emitir xuízos críticos sobre o que len.

Aínda que a adquisición de criterios e técnicas de lectura comprensiva non é responsabilidade exclusiva dos Departamentos de Linguas, como é caso, non cabe dúbida de que estes teñen unha responsabilidade maior por canto os seus métodos, ferramentas de traballo e materia de estudo céntranse de cheo nesa destreza intelectual e noutras directamente relacionadas con ela (escrita, comentario e análise de textos, etc.).

O Departamento de Lingua Galega e Literatura contempla diversas medidas e actividades para potenciar a capacidade e a comprensión lectora, para o fomento do hábito de lectura

(como fonte de gozo e enriquecemento persoal, como ferramenta para a ampliación dos coñecementos, como ximnasia para a mellora da propia expresión) e para o uso crítico da información obtida mediante lectura. Así,

- Artícuñanse numerosas actividades no contexto da clase para o desenvolvemento dos contidos do currículo, en cada curso e nivel, en base á lectura, comentario e comprensión crítica de todo tipo de textos (literarios, administrativos, xornalísticos, etc.).
- Contémplanse a lectura en voz alta, o recitado e a lectura dramatizada como estratexias de aprendizaxe lectora.
- Realízanse actividades arredor de datas referenciais para a lectura como o Día das Letras Galegas, o Día do Libro, etc., exposicións referidas ás lecturas das rapazas e os rapaces, etc.
- Aproveitaranse os recursos da Biblioteca, de xeito que, por exemplo, a meirande parte das obras de lectura propostas estean a disposición do alumnado nesa dependencia. Do mesmo xeito, potenciarase o seu uso como centro de documentación a disposición do alumnado para preparar traballos, facer consultas, conseguir datos etc. relacionados coa materia de Lingua e Literatura Galegas.

- Departamento de Inglés

A comprensión escrita, xunto coa produción escrita, a comprensión oral e a produción oral, constitúen o conxunto de catro destrezas que unha persoa debe adquirir cando aprende unha lingua estranxeira. Dende o Departamento de Inglés inténtase contribuír á creación e consolidación de hábitos de lectura entre o alumnado para formar lectores competentes. Con esta fin, decidiuse adoptar un libro de lectura obrigatoria en todos os grupos, existindo exemplares suficientes na biblioteca escolar, un por trimestre.

Os alumnos e alumnas traballaranos na aula dun xeito lúdico do seguinte xeito:

- A primeira sección centrarase no vocabulario clave do libro. Con el os alumnos e alumnas deberán completar oracións dados.
- Na segunda sección os alumnos e alumnas teñen que corrixir unhas oracións con información falsa sobre a historia narrada no libro.

- Na terceira sección os alumnos e alumnas contestarán preguntas de comprensión da lectura.

O traballo intentará afianzar o novo vocabulario adquirido a través da lectura e revisar os aspectos gramaticais traballados na aula, así como facer fincapé na cohesión e a coherencia ao redactar un texto. As actividades incluídas nel son:

- Reproducir oralmente oracións con palabras do .
- Describir os personaxes principais que aparecen nas historias.
- Contestar preguntas de comprensión da lectura.

Os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais utilizarán fragmentos concretos dos libros citados, con moito apoio visual, ou outros libros máis axeitados ao seu nivel, para realizar tarefas sinxelas centradas,

fundamentalmente, na comprensión e adquisición de novo vocabulario: unir palabras ou frases con viñetas, ordenar secuencias de viñetas segundo a orde na que se narran as accións reflectidas nelas no texto...

Asemade, o centro subscribírase a revistas en inglés, I Love English e I Love English Junior, para fomentar, por unha banda, a utilización da biblioteca de xeito autónomo, e, por outra, a lectura como actividade propia do tempo de lecer, xa que conteñen información e reportaxes sobre actores, actrices, cantantes e deportistas populares entre os adolescentes, así como sobre aspectos da cultura anglosaxoa (Halloween, Thanksgiving Day...).

Existen, ademais, lecturas de todo tipo incluídas nos libros de texto, que se farán en voz alta durante as clases, e os alumnos e alumnas teñen acceso a información na lingua estranxeira utilizando diversas ferramentas tecnolóxicas.

6.- O PROXECTO LECTOR COMO INSTRUMENTO PEDAGÓXICO PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

O presente Proxecto Lector pretende axudar á adquisición paulatina das competencias clave. Todas elas precisan dun uso continuado de recursos informativos diversos e da participación en actividades individuais e grupais nas que se poñan en xogo habilidades de busca, valoración e uso de información de moi variado contido e en diferentes soportes.

• Competencia en comunicación lingüística

Todas as actividades programadas neste proxecto abordan a lectura e, algunhas delas, a escritura e a expresión e comprensión oral, desde distintas perspectivas, de xeito que o alumnado comprenda e faga uso de textos diversos, en diferentes formatos e con intencións comunicativas distintas.

• Competencia plurilingüe (CP)

O plurilingüismo está moi presente no noso centro, xa que somos un cento plurilingüe, e por suposto, na nosa biblioteca e nas actividades que parten dela. Contamos con títulos en galego, castelán e inglés.

• Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).

Algunhas das actividades aquí incluídas están baseadas en textos denominados discontinuos: diagramas, táboas, gráficos, planos, representacións xeométricas, mapas, coa finalidade de que o alumnado interprete distintos tipos de información, ampliando o seu coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e sendo quen de identificar, comprender e expresar situacións cotiás que esixen elementos ou razoamentos matemáticos.

Algúns dos textos utilizados nas actividades mencionadas xiran en torno ao mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, tendo como

obxectivo a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a realización de accións que melloren ou preserven as condicións de vida propias, das demais persoas e do resto dos seres vivos.

Por outra banda, certas actividades fomentan a utilización de procedementos propios da investigación científica: identificar problemas relevantes, observar, formular hipóteses, contrastar, elaborar conclusións baseadas en probas.

- **Competencia dixital**

Moitas das actividades programadas inclúen as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), coa finalidade de que o alumnado faga uso delas de xeito seguro, responsable e crítico para o traballo, o lecer e a comunicación. Susténtanse no uso de ferramentas tecnolóxicas para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información.

- **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).**

Actividades como a formación de usuarios, entre outras, intentan dotar ao alumnado de estratexias para aprender por si mesmos. Non se trata só de adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades, senón tamén de saber buscar axudas e recursos que o faciliten, co fin de aplicar o aprendido en diferentes contextos.

- **Competencia cidadá (CC).**

Os textos nos que se basean moitas das actividades deste proxecto abordan a realidade social desde diferentes puntos de vista (literario, histórico, científico), de xeito que o alumnado teña a posibilidade de comprender o presente e tomar conciencia do seu papel de cara ao futuro.

Asemade, preténdese que o alumnado sexa consciente dos seus dereitos e deberes como membros dunha comunidade, fomentando a súa participación nas canles establecidas democraticamente para propoer, no seu caso, as ideas e os cambios que se desexen e respectando as normas establecidas referentes ao uso da biblioteca e do material textual en calquera soporte, a asistencia a un espectáculo (obra de teatro, actuación de contacontos, proxección dunha película), etc.

• Competencia emprendedora (CE)

Por iniciativa persoal cómpre entender a habilidade da persoa para transformar as ideas, os proxectos, en actos. Está relacionada coa creatividade, a innovación, así como coa habilidade para planificar e xestionar proxectos co fin de acadar uns obxectivos. Moitas das actividades post-lectura que aparecen deseñadas neste proxecto pretenden fomentar estes aspectos.

• Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

Con moitas das actividades propostas preténdese que o alumnado coñeza, comprenda, aprecie e valore criticamente a expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios, cada un coa súa propia linguaxe: a literatura, as artes escénicas, as artes plásticas..., facilitando o seu acceso a manifestacións culturais e artísticas.

7.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do Presente Proxecto Lector debe propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións e valoracións a través de enquisas, entrevistas, reunións...

Aspectos avaliados:

- Avances ou dificultades da posta en marcha do Proxecto.
- Situación lectora do alumnado cando se incorpora ao centro.
- Progreso nas competencias lectoras e escritoras.
- Índice de lectura do alumnado.
- Índice de uso dos recursos bibliotecarios.
- Actitude do alumnado ante a lectura como medio para a aprendizaxe e fonte de pracer.
- Grao de implicación da comunidade educativa no Proxecto.
- Dotación e funcionamento da biblioteca escolar.

Instrumentos de avaliación:

- Seguimento trimestral do desenvolvemento do Proxecto.
- Actividades de avaliación inicial realizadas polos Departamentos de Orientación e Lingüísticos.
 - Seguimento do progreso nas competencias lectoras e escritoras, a través da valoración global da competencia lingüística.
 - Enquisas.
 - Seguimento dos índices de lectura por parte do Equipo de Apoio á Biblioteca: estatísticas de préstamos.

ANEXOS

- Anexo I: Enquisa ao alumnado.
- Anexo II: Enquisa ao profesorado.
- Anexo III: Enquisa ás familias.

ENQUISA AO ALUMNADO

Le con atención e sinala cun x a túa resposta. Grazas pola túa axuda.

Curso:

1. ¿Gústache ler?
 - Algo
 - Bastante
 - Moito
 - Nada

2. ¿Cantos libros les ao mes?
 - Ningún
 - 1-2
 - 3-5
 - Máis de 5

3. Se estás a ler neste momento algún libro, ¿de onde procede?
 - Biblioteca escolar
 - Biblioteca pública municipal
 - Biblioteca familiar
 - Amigos/as
 - Propio

4. ¿Con que frecuencia acodes á biblioteca escolar do teu centro, pola túa conta?
 - Case todos os días
 - Unha ou dúas veces á semana

- Unha ou dúas veces ao mes
- Algunha vez durante o curso
- Nunca

5. ¿Sabes como están ordenados os libros e outros materiais na biblioteca?

- Si
- Non

6. ¿Levas libros en préstamo?

- Si
- Non

7. ¿Que materiais acostumas levar en préstamo?

- Libros que me gustan
- Libros de lectura obrigatoria en determinadas materias
- Libros para realizar traballos de clase

8. O tipo de material da biblioteca que máis utilizas é: (Podes marcar 3 tipos)

- Relato, novela
- Poesía
- Teatro
- Cómic
- Revistas
- Dicionarios e enciclopedias
- DVD

9. ¿De que materias son os libros que acostumas levar en préstamo?

.....

10. ¿Gustáronche as actividades organizadas polo Equipo de Biblioteca durante este curso?
Valóraas (só aquelas nas que participaches).

ENQUISA AO PROFESORADO

Avaliación do Proxecto Lector

1. Indica o grao de consecución dos obxectivos propostos polo seu Departamento incluídos no Proxecto Lector de Centro.

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

Nota: 1 non acadados - 5 totalmente acadados.

2. No caso de non ter acadado os obxectivos propostos, indica a causa.

- Falta de tempo
- Falta de material axeitado
- Outras:.....

3. A biblioteca do centro ofrece material e/ou espazo axeitados para levar a cabo as propostas do teu Departamento incluídas no Proxecto Lector.

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

4. Utilizas os recursos da biblioteca escolar para o teu labor docente.

- Acotío
- Ás veces
- Case nunca

- Nunca

5. Utilizas o equipo ou material audiovisual co teu alumnado.

- Si
- Non

6. Utilizas os ordenadores da biblioteca co teu alumnado.

- Si
- Non

7. Promoves entre o teu alumnado a utilización do servizo de préstamo de libros relacionados coa túa materia.

- Si
- Non

8. Utilizas o servizo de préstamo de material a nivel persoal.

- Si
- Non

9. Colaboraches coas túas suxestións na adquisición de material para a biblioteca.

- Si
- Non

10. Colaboraches na organización ou posta en práctica de actividades levadas a cabo dende ou na biblioteca.

- Si
- Non

¡Grazas pola túa colaboración!

ENQUISA ÁS FAMILIAS

Avaliación do Proxecto Lector

Escriba o número de persoas que fan uso da biblioteca da súa familia, e/ou no seu defecto o número que lle gustaría:

1 Indica o número de veces que as súas/ os seus fillos levan un libro do centro para a casa ao mes.

- 0
- 1
- 3
- Non sei, non me fixo
- Máis números

2.Vostede fai uso da biblioteca do centro?

- Si
- Non
 - Falta de tempo
 - Falta de material axeitado
- Outras:.....

3-biblioteca do centro ofrece material e/ou espazo axeitados para o seu interese e o da súa familia?

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5

Coñece os recursos da biblioteca escolar ?

- i. Si
- ii. Non

4-Por favor conteste as preguntas?

Sabía que a biblioteca do centro ten máis libros en máis de catro idiomas?

Si

Non

Coñece o horario das tardes da biblioteca?

Si

Non

Utiliza o equipo ou material audiovisual da biblio cos/cas seus fillos/as?.

Si

Non

Utiliza os ordenadores da biblioteca cos/cas seus fillos/as?.

Si

Non

Promove a utilización do servizo de préstamo de libros cos/cas seus fillos/as?

Si

Non

Utiliza o servizo de préstamo de material a nivel persoal.

Si

Non

Vai algunha tarde a xogar cos/cas seus fillos/as coa sección de ludoteca da biblioteca?.

Si

Non

Sabía da existencia do carriño lector dos recreos con xogos, libros ?

Si

Non

Coñece as actividades mensuais da biblioteca que se expoñen no centro, no blogue e nas redes sociais?

Si

Non

Gustaríalle colaborar coa biblioteca do centro?

Si

Non

De ser resposta afirmativa, escriba como.

Pareceulle a situación da biblioteca apropiada?

Si

Non

E os metros suficientes?

Si

Non

Proposta de mellora que faría:

Grazas pola súa colaboración!